

O INFINITIVO CONXUGADO

1. Debe usarse a forma invariable (non conxugada):

- 1.1. Se o infinitivo forma parte dunha perífrase verbal (*Han de ser uns vinte*)
- 1.2. Cando o infinitivo é impersoal (*Prohíbese fumar*)
- 1.3. Cando o infinitivo depende dun verbo causativo (**mandar, facer, permitir..**) ; perceptivo (**sentir, ver, oír..**); modal (**querer, poder, deber...**); ou de movemento (**ir, vir...**) Ex: *Oín tocar as campás, Mandeilles facelo pero non me escoitaron; Debedes divertirvos todoo que poidades; Ide facerlle unha visita*
- 1.4. Cando ten valor imperativo (*Veña, coller as cousas e saír rapidamente*)
- 1.5. Cando depende da preposición de e funciona como Modificador dun adxectivo (*É un problema difícil de resolver*)

2. Debe usarse a forma conxugada:

- 2.1. Cando o infinitivo ten un suxeito (expreso ou non) distinto ao do verbo principal (*Ao chegaren os primeiros fríos, o vello péchase na casa*)

3. Pode usarse a forma conxugada:

- 3.3. Se ten o mesmo suxeito que o verbo principal pero vai antes ca el e precedido de preposición (*Para lembráreste despois, anótao*)
- 3.4. Cando ten o mesmo suxeito que o verbo principal, vai despois del pero a suficiente distancia como para que se poida perder a noción de cal é o suxeito (*Seguide pola estrada principal da costa para verdes mellor toda a paisaxe*)
- 3.5. Se indica a indeterminación do suxeito, en 3ª persoa do plural (*Por non lle daren importancia chegamos a esta situación*)
- 3.6. Con verbos pronominais ou reflexivos (*Metéreste no que non che importa acabará por darche problemas*)

EQUIVALENCIAS ENTRE ESTRUCTURAS CON INFINITIVO CONXUGADO E CON VERBO PERSOAL

Cando + verbo conxugado = Ao + inf. Conx.

Cando veñas, doucho = **Ao vires**, doucho

Como + verbo persoal (valor causal) = Ao + inf. Conx.

Como non temos diñeiro, non podemos ir ao cine = **Ao non termos diñeiro**, non podemos ir ao cine

Se (condicional) + verbo persoal = De + inf. Conx.

Se vides hoxe, fágovos pizza = **De virdes hoxe**, fágovos pizza

Oracións concesivas (aínda que, malia que...) = Con + inf. Conx., ou malia + inf.conx.

Aínda que te enfades, non conseguirás convencelo = **Con enfadáreste**, non conseguirás convencelo;
= **malia enfadáreste**, non conseguirás convencelo.

Oracións causais (porque, xa que...) = por + inf. Conx.

Faría o que fose por que nos encontrásemos = *Faría o que fose* **por encontrármonos**

Oracións finais (para que...) = para + inf. Conx.

Convenceuvos para que fixédeses a viaxe con ela = *Convenceuvos* **para facerdes** a viaxe con ela

Oracións impersoais tipo: É necesario, cómpre, convén... + que + v.persoal = É necesario, cómpre, convén... + inf.conx:

É necesario que axilicemos os trámites = *É necesario* **axilizarmos** os trámites.